



XUNTA DE GALICIA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS GALEGAS DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS (**FAGAL**), PARA O FINANCIAMENTO DOS PROGRAMAS DE ATENCIÓN DIRIXIDOS A FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER RESIDENTES EN GALICIA E MANTEMENTO DA FEDERACIÓN PARA O EXERCICIO 2019

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2019

REUNIDOS

Dunha parte:

Dona Fabiola García Martínez, na súa condición de conselleira de Política Social, nomeada polo Decreto 98/2018, do 26 de setembro, en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como no Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 176/2015, de 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte:

Don Juan Carlos Rodríguez Bernárdez, con DNI 36073858Z, que actúa en nome e representación da **Federación de Asociacións Galega de Familiares de Enfermos de Alzheimer e Outras Demencias** (en adiante **FAGAL**), con CIF **G15656739**, en virtude da súa condición de presidente dela, de acordo co nomeamento outorgado segundo o disposto nos seus estatutos tal como consta no rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas,

EXPOÑEN

I. Que as administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou



XUNTA DE GALICIA

xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

II. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

III. Que a Consellería de Política Social é o departamento da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas con discapacidade, conforme ao Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia e ao Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.

IV. Que FAGAL figura inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-1126, tendo por finalidade promover o desenvolvemento e o cumprimento dos fins das asociacións integradas nela e promover actuacións destinadas a mellorar a situación das familias e unha mellor atención aos enfermos.

V. Que actualmente faise preciso establecer medidas de apoio orientadas ao desenvolvemento do tecido asociativo integrado polas entidades de iniciativa social que traballan na atención ás persoas con Alzheimer e outras demencias, dado que desenvolven unha importante labor complementaria á financiada a través dos recursos da Administración pública.

Conforme ao exposto, é do interese da Consellería de Política Social subscribir un convenio de colaboración coa entidade FAGAL para contribuír ao financiamento das actuacións relacionadas coa atención a persoas con discapacidade e as súas familias e co mantemento da entidade.

VI. Que conforme aos requisitos previstos no artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e nos artigos 36 a) e 37 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve, a entidade FAGAL aparece expresamente reflectida no estado de gastos dos orzamentos da comunidade



XUNTA DE GALICIA

autónoma de Galicia para o ano 2019 como beneficiaria individualizada así como o obxecto subvencionado e a súa dotación orzamentaria.

Así mesmo, as actuacións obxecto deste convenio, recollidas na súa cláusula primeira; a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social, na Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, segundo o previsto no Decreto 176/2015, de 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, e no seu artigo 20, onde se describen as competencias da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade; e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para levar a cabo un programa de atención aos familiares de enfermos de Alzheimer e outras demencias en Galicia e co mantemento da entidade, con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: Obxecto

O obxecto do presente convenio é contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Política Social do mantemento da entidade así como das actividades que conleva o servizo que FAGAL ten previsto desenvolver durante o ano 2019 e que a continuación se detallan:

Actividades xerais

- Mantemento de instalacións e xestión da infraestrutura de FAGAL
- Mantemento dos gastos derivados das actividades de xestión de FAGAL: gastos de desprazamentos para reunións de coordinación de programas; gastos de reunión de xunta directiva e coa Xunta de Galicia.
- Gasto de seguros da FAGAL.

Coordinación coas asociacións de familiares de enfermos de Alzheimer de FAGAL



XUNTA DE GALICIA

- Coordinación dos diferentes programas das asociacións.
- Elaboración de programas comúns ás asociacións.
- Coordinación e derivación de usuarios entre FAGAL e asociacións.
- Elaboración de material de información e difusión.
- Elaboración de guías específicas pro sectores profesionais das AFA.

Desenvolvemento do plan de comunicación 2019

- Aumentar impacto en TICS
- Campaña de sensibilización polo día mundial do alzheimer
- Deseño de material de divulgación.

FAGAL terá que cumprir os requisitos do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve.

No deseño e desenvolvemento dos programas e das actividades obxecto do presente convenio incorporárase de xeito transversal o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e terase en conta a perspectiva de xénero no seu deseño e execución.

SEGUNDA: Obrigas e documentación

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento; e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento, a entidade beneficiaria presentará, con carácter previo á sinatura do convenio e xunto co programa de actividades a desenvolver, a seguinte documentación:

- **Declaración comprensiva** de todas as axudas e subvencións solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.
- **Declaración responsable**, subscrita polo representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



XUNTA DE GALICIA

- Presentación dun **método de imputación de custos indirectos**.

TERCEIRA: Relación laboral

Para levar a cabo os obxectivos e fins deste convenio a entidade beneficiaria poderá contratar, con cargo ao orzamento do presente convenio, o persoal que no seu caso precise para o desenvolvemento das actividades citadas.

A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral nin contractual ningunha entre a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia e as persoas que realicen as actividades obxecto del, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

CUARTA: Orzamento

Para o cumprimento da finalidade prevista na cláusula primeira deste convenio a Consellería de Política Social achegará **oitenta e nove mil douscentos cincuenta euros (89.250,00 €)**, que serán imputados á aplicación orzamentaria **13.04.312E.481.31** dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019.

QUINTA: Gastos imputables

O importe da subvención destinarase a cubrir os gastos efectivamente realizados pola entidade relativos a gastos de persoal e gastos correntes necesarios para o desenvolvemento das actuacións recollidas na cláusula primeira. A estes efectos, consideraranse gastos subvencionables, conforme ao previsto no artigo 29 da Lei de subvencións de Galicia os seguintes:

- Gastos de persoal: custes salariais e de seguridade social do persoal necesario para a realización da actividade obxecto da subvención.
- Gastos de axudas de custo e desprazamentos do persoal imputable ao convenio que deberán ser moderados e limitados (tarifas de transporte económicas, aloxamentos de categoría media, axudas de custo limitadas tomando como referencia as establecidas para a administración pública). Deberá de recollese na fase de xustificación os motivos da viaxe e o lugar de reunión.



XUNTA DE GALICIA

- Gastos derivados da xestión e organización de servizos de transporte que a entidade facilite ás persoas beneficiarias directas dos servizos prestados pola entidade e derivados da asistencia aos mesmos que o precisen e demanden; quedan excluídos os gastos que deriven da asistencia a servizos de atención diúrna que contén con financiamento público.
- Gastos en bens consumibles sempre que estean relacionados coa actividade obxecto da subvención ou co mantemento de FAGAL e das entidades federadas; estes deberán ser moderados, podendo requirírselle á entidade un informe xustificativo dos consumos realizados, da relación co programa, da razoabilidade das cantidades consumidas e do seu custe.
- Gastos xerais de natureza corrente necesarios para o desenvolvemento do obxecto do convenio: enerxía eléctrica, auga, combustible (se non está incluído no aluguer), comunicacións, limpeza, seguridade, seguros de responsabilidade civil.
- O aluguer dos locais nos que se desenvolva a actividade obxecto deste convenio debidamente xustificado, agás aqueles nos que exista unha relación contractual.
- Os financeiros, incluídos os gastos e xuros derivados de créditos bancarios formalizados coa finalidade de dispoñer de efectivo para a realización do obxecto da subvención concedida mentres non sexa aboada pola Administración, de asesoría xurídica ou financeira, gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado, así como os de administración específicos, se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución desta.

Non se subvencionarán gastos correntes nin de persoal correspondentes a centros asociados a FAGAL que teñan relación contractual cunha administración pública, no ámbito das súas competencias estatutarias. Para estes efectos poderán consultarse as entidades e/ou centros asociados a FAGAL que teñan suscrito un contrato coa administración pública, nos termos da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e demais normas de aplicación.

En tódolos custos indirectos establecerase e xustificarse a fracción do custo total que se considere imputable á actividade subvencionada segundo a



XUNTA DE GALICIA

aplicación dun método xusto e equitativo que debe constar por escrito e previamente a realización dos gastos.

SEXTA: Compatibilidade con outras axudas

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vai desenvolver o beneficiario.

SÉTIMA: Forma de pagamento

Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento.

O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular a entidade beneficiaria, nas seguintes condicións:

Efectuarase, un pagamento de ata o 80% da totalidade da subvención, con carácter de anticipo a conta da liquidación, unha vez asinado o presente convenio.

O 20% restante farase efectivo unha vez rematadas todas as actividades do convenio, aportando a documentación prevista na cláusula oitava do convenio.

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse o cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendentes de pagamento débedas coa AEAT nin coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia ou de ser debedor por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015 e achegar os documentos correspondentes.



XUNTA DE GALICIA

Para a tramitación das condicións de pagamento previstas nos apartados anteriores, a entidade beneficiaria da subvención queda exonerada da constitución da garantía ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

OITAVA: Xustificación dos gastos

Considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados, e asinados polo beneficiario. No suposto de que o xustificante do pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas. No suposto de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto subvencionado, a xustificación do pagamento débese realizar sempre mediante a achega do correspondente extracto bancario que irá acompañado dun dos seguintes documentos: relación emitida polo banco dos pagamentos realizados, orde de pagamentos da entidade selada polo banco ou recibín do provedor.

Para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000 euros poderase aceptar a xustificación do pagamento mediante recibín do provedor.

A presentación da **conta xustificativa** levarase a cabo unha vez rematadas todas as actividades do convenio, aportando a seguinte documentación, conforme ao previsto nos artigos 48 e 50 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia:

a) Unha **memoria final das actuacións desenvolvidas** en execución deste convenio, con indicación das actividades realizadas, datas de inicio e finalización das mesmas, resultados obtidos e valoración cualitativa dos mesmos, nº de beneficiarios en cada actividade, e demais aspectos que se consideren relevantes.

b) Unha **memoria económica abreviada xustificativa do custo das actividades realizadas**, que conterá:

- Unha ficha resumo dos gastos de persoal e do resto dos gastos, diferenciando os dedicados a mantemento da federación, daqueles dedicados á prestación de



XUNTA DE GALICIA

servizos obxecto do presente convenio. Para elo, utilizarase a ficha establecida no Anexo I.

- Unha relación clasificada e debidamente agrupada dos gastos, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pagamento. No caso dos gastos realizados con medios ou recursos propios, indícaranse os criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación.
- Unha relación na que se identificarán os apelidos e nome das persoas respecto das que se imputan ao presente convenio gastos de desprazamento derivados de acudir aos servizos que presta a entidade, e na que constarán os días en que se fixeron os desprazamentos obxecto da xustificación, motivo da viaxe e lugar de reunión.
- Especificación das desviacións producidas sobre as cantidades inicialmente orzamentadas pola entidade.
- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada obxecto deste convenio, con indicación do importe e a súa procedencia, xa sexa de entes públicos ou privados.
- Os 3 orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia no suposto de gastos de importe superior a 15.000 € pola prestación de servizos de consultoría ou asistencia técnica, deba ter solicitado o beneficiario.
- Se for o caso, a carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados destes.

c) A revisión da parte da conta xustificativa integrada polas facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pagamento será efectuada por un auditor de contas inscrito como exercinte no Rexistro Oficial de Auditores de Contas dependente do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, designado pola entidade beneficiaria.

A estes efectos, aportarase o **informe da revisión efectuada polo auditor de contas**, que se estenderá á totalidade da conta xustificativa, e que como mínimo deberá deixar constancia dos seguintes extremos:



XUNTA DE GALICIA

- Adecuación da natureza do gasto xustificado, tanto en relación ás actuacións subvencionadas en execución do convenio previstas na cláusula primeira, como en relación aos conceptos de gasto considerados como subvencionables especificados na cláusula quinta, con indicación daqueles gastos que non respondan a esta.
- Verificación da relación clasificada e debidamente agrupada dos gastos citada no apartado b), conforme coincide coa documentación xustificativa destes e coa documentación acreditativa do seu pagamento, con indicación dos reparos correspondentes. Conforme ao previsto no artigo 49 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria da subvención deberá marcar cun selo ou sistema similar de marcado, os documentos orixinais xustificantes do gasto, indicando “Subvencionado pola Consellería de Política Social” e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención, indicando neste último caso a porcentaxe ou contía que se imputa.
- Verificación do cumprimento do disposto na cláusula novena en relación coas actividades subcontratadas, no seu caso.
- Indicación do importe, desagregado por partidas e global, correctamente xustificado, tanto en relación á xustificación do gasto como do seu pagamento, conforme ás previsións contidas nesta cláusula e na cláusula sétima deste convenio.
- Verificación das desviacións producidas sobre as cantidades inicialmente orzamentadas.
- Verificación do importe global percibido pola entidade como ingresos en concepto de subvencións, tanto de entes públicos como privados, e aplicado o financiamento das actuacións obxecto do convenio, e que este non supera o gasto total xustificado.

A persoa beneficiaria da subvención estará obrigado a pór a disposición do auditor de contas cantos libros, rexistros e documentos lle sexan esixibles en aplicación do disposto no artigo 11.f da Lei de subvencións de Galicia, así como a conservalos co obxecto das actuacións de comprobación e control previstas na lei.



XUNTA DE GALICIA

O gasto derivado da revisión da conta xustificativa poderá ter a condición de gasto subvencionable.

En todo caso o prazo para a presentación da conta xustificativa da subvención deste convenio rematará o día 10 de decembro de 2019. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará o reintegro da subvención, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia. Excepcionase desta previsión a presentación da documentación xustificativa do pagamento das nóminas, TC's da Seguridade Social e IRPF correspondentes ao cuarto trimestre, que se presentará mediante adenda ao informe da auditoría na primeira quincena de febreiro de 2020.

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse o cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendentes de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia ou de ser debedor por resolución de procedemento de reintegro de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 39/2015 e achegar os documentos correspondentes, Presumirase que a consulta ou obtención é autorizada polos interesados salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa.

Toda a documentación xustificativa deste convenio deberá ser asinada pola persoa con capacidade de FAGAL.

NOVENA: Subcontratación

FAGAL é a beneficiaria directa da subvención obxecto deste convenio, asumindo a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. Non obstante, autorízase a subcontratación da execución total ou parcial de actividades, ata unha porcentaxe do 70 por cento do importe total das actuacións financiadas a través deste convenio, con empresas dedicadas especificamente á promoción e inserción laboral de persoas con discapacidade ou en situación de exclusión social, sempre que estas empresas estean participadas maioritariamente polas entidades de iniciativa social definidas no artigo 30 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, así como coas entidades federadas, xustificando que dita subcontratación se realiza consonte as condicións normais de mercado.



XUNTA DE GALICIA

FAGAL, no seu caso, comunicará, a subcontratación á Consellería de Política Social. A estes efectos será de aplicación o establecido no artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DÉCIMA: Obrigas da entidade

En cumprimento do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento, son obrigas da entidade beneficiaria:

- a) Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario estipulados no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- b) Cumprir todos e cada un dos obxectivos, actividades e proxectos, adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir os compromisos asumidos con motivo desta. Noutro caso, procederá o reintegro total ou parcial, atendendo aos criterios establecidos no convenio.
- c) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o gozo da subvención.
- d) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará o órgano concedente, así como a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o que se achegará tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- e) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- f) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e



XUNTA DE GALICIA

registros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

- g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- h) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actividades obxecto do convenio e nos lugares onde estas se realicen: “Subvencionado pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social”, co seu respectivo logotipo.
- i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e artigo 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento.

Asemade a entidade deberá cumprir a obriga de subministro de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

DÉCIMO PRIMEIRA: Incumprimentos, reintegros e sancións.

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento do convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas, dos deberes contidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os intereses de demora correspondentes.

Entenderase incumplida a obriga de xustificar cando a Administración, nas súas actuacións de comprobación ou control financeiro, detectase que na xustificación realizada polo beneficiario se inclúsen gastos que non respondesen á actividade subvencionada, que non supuxesen un custo susceptible de subvención, que fosen xa financiados por outras subvencións ou recursos, ou que se xustificasen mediante documentos que non reflexasen a realidade das operacións.

O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.



XUNTA DE GALICIA

Incumprimento parcial: sempre que non se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Consellería de Política Social poderá apreciar un incumprimento e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumprida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do obxecto subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superara o 65% da actividade obxecto de subvención, entenderase que dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e o seus intereses de demora.

Á entidade beneficiaria da subvención regulada nestas bases seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Título VI do seu regulamento.

DÉCIMO SEGUNDA: Vixencia

O presente convenio estenderá os seus efectos dende a súa ata o 31 de decembro de 2019.

Non obstante, as accións englobadas no presente convenio que realízase FAGAL dende o 1 de xaneiro de 2019 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social .

DÉCIMO TERCEIRA: Publicidade

De conformidade co disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, cos artigos 15 e 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e coa autorización expresa da entidade beneficiaria, a Consellería de Política Social remitirá os datos necesarios para a súa inclusión e publicidade nos rexistros públicos de axudas. Así mesmo comunicará na súa páxina web



XUNTA DE GALICIA

oficial os seguintes datos básicos: identificación das partes, importe do financiamento, data da sinatura, finalidade e período de vixencia.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificación recollidas no presente instrumento de colaboración o Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

DÉCIMO CUARTA: Protección de datos

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 xeral de Protección de datos.

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste convenio.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia no propio convenio.

A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común,



XUNTA DE GALICIA

segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

Así mesmo, a entidade conveniente será responsable do tratamento dos datos e dos consentimentos das persoas interesadas de acordo co Regulamento xeral de protección de datos aos efectos da súa debida comunicación.

DÉCIMO QUINTA: Comisión de seguimento

Constitúese unha comisión mixta de seguimento composta por dous representantes designados pola entidade beneficiaria e dous representantes da Consellería de Política Social , para levar a cabo o seguimento e avaliación das accións previstas no presente convenio.

Esta comisión, a presidencia da cal a ostentará un dos representantes da administración, reunirase cando así o solicite algunha das partes.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na mencionada Lei 40/2015, do 1 de outubro, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO SEXTA: Réxime xurídico

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; polo que se aproba o seu Regulamento, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento.

A administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, se a resolución fose expresa no prazo de un mes. Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en



XUNTA DE GALICIA

calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñer directamente recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, o asinan ambos os dous comparecentes en triplicado exemplar no lugar e data expresado.

A conselleira de Política Social

O presidente da Federación de
Asociacións galegas de familiares de
enfermos de Alzheimer e outras
demencias

Fabiola García Martínez

Juan Carlos Rodríguez Bernárdez

ANEXO I – FICHA RESUMO DOS GASTOS

Instrucións para cubrir a ficha

Nesta ficha preséntanse 3 táboas, solicitando a información anual e diferenciando por cada unha das oficinas da entidade (cubrir unha columna por oficina):

- Táboa 1. Usuarios. Solicítase o número de usuarios atendidos, así como o número de servizos prestados ós mesmos.
- Táboa 2. Persoal. Solicítase o número de persoal, categoría e custe do persoal, diferenciando por oficina e por persoal de estrutura e de servizos. O campo categoría deberase cubrir coa categoría referencia ó correspondente convenio colectivo de aplicación (p. ex. Psicólogo, traballador social, xefe de administración, etc.). No caso de persoal a tempo parcial, deberase indicar a imputación (p. ex. a media xornada indicárase como 0,5 persoas). O custe de persoal debe incluír o salario bruto e a seguridade social a cargo da entidade.
- Táboa 3. Custes. Solicítase os custes anuais por oficina, tipo de gasto e asignación do gasto a estrutura ou servizos.

TÁBOA 1. USUARIOS	Oficina 1	Oficina 2	Oficina n	TOTAL
Número medio de usuarios atendidos				0,00
Número medio de servizos prestados				0,00

TÁBOA 2. PERSOAL	Oficina 1	Oficina 2	Oficina n	TOTAL
PERSOAL DE ESTRUCTURA / XESTIÓN	0,00	0,00	0,00	0,00
Número de persoal directivo				0,00
Categorías do persoal directivo (segundo convenio)				
Custe do persoal directivo				0,00
Número de persoal administrativo				0,00
Categorías do persoal administrativo (segundo convenio)				
Custe do persoal administrativo				0,00
Número doutro persoal de xestión				0,00
Categorías doutro persoal de xestión (segundo convenio)				
Custe doutro persoal de xestión				0,00
Número de persoal de estrutura / xestión	0,00	0,00	0,00	0,00
PERSOAL DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS	0,00	0,00	0,00	0,00
Número de persoal de prestación de servizos				0,00
Categorías do persoal de prestación de servizos				
Custe do persoal de prestación de servizos				0,00
	Oficina 1	Oficina 2	Oficina n	TOTAL



XUNTA DE GALICIA

TÁBOA 3. CUSTES

CUSTES DE ESTRUCTURA / XESTIÓN	0,00	0,00	0,00	0,00
Gastos de persoal	0,00	0,00	0,00	0,00
Dietas e desprazamentos				0,00
Consumibles (material de oficina, de limpeza, etc.)				0,00
Alugueres				0,00
Mantemento				0,00
Seguros				0,00
Suministros (electricidade, gas, teléfono, etc.)				0,00
Servizos externos				0,00
Tributos				0,00
Outros gastos				0,00
CUSTES DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS	0,00	0,00	0,00	0,00
Gastos de persoal	0,00	0,00	0,00	0,00
Dietas e desprazamentos				0,00
Consumibles (material de oficina, de limpeza, etc.)				0,00
Alugueres				0,00
Mantemento				0,00
Seguros				0,00
Suministros (electricidade, gas, teléfono, etc.)				0,00
Servizos externos				0,00
Tributos				0,00
Outros gastos (intereses, amortizacións, etc.)				0,00
Custo anual total	0,00	0,00	0,00	0,00